
CORREDOIRA

Autoría de **ROBERT MACFARLANE, STANLEY DONWOOD**
e **DAN RICHARDS**

Tradución de **XESÚS FRAGA**

Ilustración de sobrecuberta de **ADRIÀ FRUITÓS**

Encadernación rústica. 15,5 x 23 cm. 56 páx. 10 €.

ISBN 978-84-16721-29-0. Vitamina N. Faktoría K.


Corredoira: o camiño oco. Un carreiro fondo, un vieiro avesado e profundo. Unha ruta que arregaaron na terra séculos de pegadas, de pisadas; de fendas, de ferraduras; o carroulear das rodas e o correr da chuva. Unha vía desgastada «polo tráfico dos tempos e a roedura da auga, que nalgúns lugares se afundiou ao redor de cinco metros baixo o nivel dos campos»...

En xullo de 2004, Robert Macfarlane e Roger Deakin emprenderon unha viaxe para explorar os camiños de Dorset, unha zona ao sur do Reino Unido coñecida pola súa Costa Xurásica, declarada Patrimonio da Humanidade polos seus xacementos arqueolóxicos. No percorrido atoparon unha paisaxe de sombras, espectros e grande estrañeza. Deakin faleceu en 2006 e sete anos despois daquela experiencia conxunta, Macfarlane voltou aos mesmos escenarios co escritor Dan Richards e co artista Stanley Donwood. Este libro ilustrado relata a ruta, a paisaxe e os lugares visitados, combinando literatura de viaxes, historia social e psicoxeografía.

“Corredoira” é unha fermosa e engaiolante obra, evocadora das pisadas acumuladas ao longo dos séculos, das pegadas dos animais, das rodeiras dos carros, da erosión da chuva... Os autores comparten o seu interese por esta rede de vellos camiños e polo tipo de comunicacións e de relacións tecidas arredor deles, tanto no pasado como no presente.

“A historia compórtase de forma estraña nestes lugares antigos”, relata Macfarlane, “serpenteando, formando remansos, resoando e pregándose”.

Esta edición está impresa en papel procedente de bosques e plantacións xestionados con estándares que garanten a explotación sostible dos recursos. As *Lecturas ao Natural* de Vitamina N cumpren así cos requisitos ambientais e sociais recollidos no proxecto «Libros amigos dos bosques».



- **Temática:** relato dunha viaxe.
- **Receptores:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** natureza, paisaxe, historia, Xeografía; libro «amigo dos bosques».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/corredoira-g>

Robert Macfarlane

(Nottinghamshire, Reino Unido, 1976)

Licenciado en Belas Artes, obtivo o doutorado no Emmanuel College de Cambridge, onde é docente. Dende 2003 ten publicados varios libros de natureza e viaxes, que recibiron varios premios. Colabora con medios de comunicación e proxectos musicais cinematográficos.

Stanley Donwood

(Essex, Reino Unido, 1968)

É o pseudónimo de Dan Rickwood, coñecido por deseñar as portadas dos discos de Radiohead e do seu solista, Thom Yorke. Por un deses traballos gañou un Premio Grammy en 2002. Graduado en Arte pola Universidade de Exeter, a súa obra expónse en galerías de Europa e Norteamérica.

<http://www.slowlydownward.com>

Dan Richards

(Gales, Reino Unido, 1982)

Estudou na Escola de Arte de Norwich. “Corredoira” foi o seu primeiro libro, ao que seguiron outras obras sobre arte e natureza.

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2017»

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
